			EFB4.1.3. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos.	CAA CSIEE	Transvers	Autoavalía a súa execución con respecto ao modelo técnico formulado	Rúbrica de autoavaliación. Relfexión. Exposición oral. Portfolio
			EFB4.1.4. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo, autoexixencia e superación.	CAA CSIEE	Transvers	Mellora o seu nivel de execución con respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación, adecuado á súa idade.	Rúbrica de avaliación, de autoavaliación, de avaliación entre iguais.
			EFB4.1.5. Explica e pon en práctica técnicas de progresión en contornos non estables e técnicas básicas de orientación, adaptándose ás variacións que se producen, e regulando o esforzo en función das súas posibilidades.	CAA CSIEE	AMN	Pon en práctica técnicas explicadas en actividades levadas a cabo no medio natural.	Observación. Lista de control. Cartografía.
a			EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición propostas.	CAA CSIEE	Deportes	Emprega os fundamentos explicados para obter vantaxe inicial no transcurso da acción de xogo.	Exame práctico. Rúbrica de avaliación.

b d g m	B4. 4	B4.2.	EFB4.2.2. Describe e pon en práctica de xeito autónomo aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico- deportivas de oposición ou de colaboración-oposición seleccionadas.	CAA CSIEE	Deportes	Amosa certa variedade en canto a esquemas de posición en deportes colectivos.	Traballo. Exame práctico. Rúbrica de avaliación.
	B4. 5		EFB4.2.3. Discrimina os estímulos que	CAA	Deportes	Actúa en función do adversario e	Exame práctico. Rúbrica
			cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións de colaboración, oposición e colaboración-oposición, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción.	CSIEE		do móvil nas situacións de colaboración, oposición e colaboración-oposición.	de avaliación.
			EFB4.2.4. Reflexiona sobre as situacións resoltas valorando a oportunidade das solucións achegadas e a súa aplicabilidade a situacións similares.	CAA CSIEE	Deportes	Analiza situacións de xogo propio e rival e propón un plan de acción razoado.	Traballo. Rúbrica de avaliación. Portfolio.

5. TEMPORALIZACIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS POR CURSOS

5.1. 2º E.S.O.

2º ESO		
UNIDADE DIDÁCTICA	CONTIDOS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE
1º TRIMESTRE		
UD 1 <i>CONDICIÓN FÍSICA: ¿ESTOU EN FORMA?</i>	Bloque 1 Bloque 3	EFB121 EFB122 EFB123 EFB311 EFB312 EFB313 EFB315
UD. DEPORTES DE RAQUETA	Bloque 1 Bloque 4	EFB121 EFB122 EFB123 EFB411 EFB412 EFB413
UD. DEPORTES ALTERNATIVOS (floorball...)	Bloque 1 Bloque 4	EFB121 EFB122 EFB123 EFB421 EFB422 EFB423
2º TRIMESTRE		
UD DEPORTES: MINI BASKET 3X3	Bloque 1 Bloque 4	EFB121 EFB122 EFB123 EFB411 EFB414 EFB421
UD PRIMEIROS AUXILIOS E ACROSPORT PARELLAS	Bloque 1 Bloque 2	EFB142 EFB211 EFB212
EXPRESIÓN CORPORAL	Bloque 2	EFB211 EFB212 EFB214

COMPOSICIÓN COREOGRÁFICAS		
3º TRIMESTRE		
UD. DEPORTES EQUIPO(balonmano, voleybol)	Bloque 1 Bloque 4	EFB121 EFB122 EFB123 EFB421 EFB422 EFB423
UD. DEPORTES ALTERNATIVOS (ultimate, kimball...)	Bloque 1 Bloque 4	EFB121 EFB122 EFB123 EFB411 EFB412 EFB413 EFB422 EFB423
UD.DANZAS DO MUNDO	Bloque 2	EFB212 EFB213

UD. DEPORTES ALTERNATIVOS	Bloque 1 Bloque 4	EFB121 EFB122 EFB123 EFB131 EFB425 EFB426
UD COMPOSICIÓN COREOGRÁFICAS	Bloque 2	EFB211 EFB212 EFB213
UD. DEPORTES (BASKET- BALONMANO)	Bloque 1 Bloque 4	EFB121 EFB122 EFB123 EFB411 EFB412 EFB421 EFB422
UD. PRIMEIROS AUXILIOS IV	Bloque 1	EFB142
3º TRIMESTRE		
UD.DEPORTES BÉISBOL-RUGBY...	Bloque 1 Bloque 4	EFB111 EFB112 EFB113 EFB121 EFB131 EFB133 EFB132 EFB122

		<p>EFB421 EFB426</p> <p>EFB422 EFB423</p> <p>EFB424 EFB425</p> <p>EFB412</p>
UD. ORIENTACIÓN	<p>Bloque 1</p> <p>Bloque 4</p>	<p>EFB161</p> <p>EFB162</p> <p>EFB413</p> <p>EFB426 EFB431</p> <p>EFB432 EFB433</p>
UD COMPOSICIÓNS COREOGRÁFICAS	Bloque 2	<p>EFB211</p> <p>EFB212</p> <p>EFB213</p>

6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS E MATERIAIS CURRICULARES QUE REQUIRE A MATERIA.

6.1. Características Xerais

Durante o proceso de ensino-aprendizaxe buscarase acadar:

- Integración do alumnado mediante a atención á diversidade.

- Priorización de aprendizaxes que favorezan a integración social.
 - Aprendizaxe significativa: parte dos coñecementos previos dos alumnos.
 - Aprendizaxe como resultado dun proceso de construción (construtivismo).
 - Desenvolvemento do espírito crítico, priorizando a aprendizaxe por indagación ou busca.
 - Metodoloxía activa, o alumno coma centro da acción e tarefas abertas con múltiples respostas.
- Gusto e motivación dos alumnos por aprender, tendo en conta os intereses, necesidades e motivacións dos mesmos.
 - Carácter práctico e vivencial, grande número de experiencias motrices, prevalecendo o proceso fronte ao resultado.

6.2. Métodos e Estilos de Ensino.

Empregaremos tanto métodos baseados na reprodución de modelos (MANDO DIRECTO e ASIGNACIÓN DE TAREFAS), como outros baseados no descubrimento (DESCUBRIMENTO GUIADO e RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS).

6.3 Tarefas.

As tarefas a empregar serán: DEFINIDAS, SEMIDEFINIDAS e NON DEFINIDAS

6.4. Estratexias.

ANALÍTICAS e GLOBAIS (con polarización da atención, con modificación da situación real e pura). As estratexias máis usadas serán as globais, de tipo intermedio, con polarización da atención e con modificación da situación real, buscando que as aprendizaxes estean o máis contextualizadas posibéis.

6.5. Agrupamentos, Tempos e Espazos.

Faremos tarefas individuais, por parellas e por grupos mixtos. A organización será máis formal nas prácticas máis analíticas, pasando a ser semiformal naquelas máis globais. Os tempos da sesión serán: Breve Información (5 minutos), Posta en Acción (5 minutos),

Logro de Obxectivos (30 minutos), Volta á Calma (5 minutos) e Análise da Sesión (5 minutos). En canto aos espazos, empregaremos espazos propios da Educación Física (pavillón, pista polideportiva), mais tamén a aula, a biblioteca, o parque natural a carón do instituto... A distribución do espazo durante a práctica será igualitaria e democrática. Ao longo da etapa decantáronos por métodos, estratexias e formas de organización que permitan ao alumno ser máis autónomo e responsábel.

6.6 Materiais e Recursos Didácticos.

O Departamento de Educación Física conta con material impreso e recursos materiais. Como material impreso empregaremos apuntes elaborados polo Departamento e un caderno do alumno. O Departamento de E.F. conta como recursos materiais con material deportivo convencional e non convencional ou alternativo. Como materiais audiovisuais subliñaremos vídeos, CD's, DVD's...

6.7 Actividades de Ensino – Aprendizaxe.

Actividades de INTRODUCCIÓN, APRENDIZAXE, REFORZO e AVALIACIÓN.

6.8 Actividades Complementarias e Extraescolares.

- **COMPLEMENTARIAS:** campionatos nos recreos de xogos e deportes diversos, nalgún caso os propios que se traballaron na materia: baloncesto, brilé, voleibol, bádminton, fútbol - sala, tenis de mesa...
- **EXTRAESCOLARES:** Se propoñen varias actividades para valorar a súa execución o longo do curso. Saída a Manzaneda, visita ás instalacións deportivas da piscina do concello, a contorna próxima e natural do centro con actividades como bautismo en surf ou rafting...

6.9 Elementos transversais.

Imos a traballar sobre todo en base a establecer relacións entre as tarefas empregadas en clase e as tarefas da vida diaria dos alumnos, e tamén en base a establecer relacións entre actividades e o rico patrimonio cultural galego (navegación a vela en dorna galega), coñecemento e práctica de xogos tradicionais dos nosos avós como a estornela, coñecemento e práctica de bailes tradicionais galegos...

Tamén faremos fincapé nunha educación igualitaria (ofertar mesmas posibilidades a todos e todas) e nunha educación para a paz (mediante a resolución pacífica dos conflitos, o diálogo). E todo isto por suposto tendo en conta a importancia que a nosa área de coñecemento ten no eido da educación para a saúde, potenciando a práctica de actividade física e deportiva nos recreos e fóra do eido escolar, unha alimentación saudábel e a non inxesta de alcohol e drogas.

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

¿Qué avaliar? Tódolos elementos que interveñen no proceso de ensinanza-aprendizaxe: profesor, alumno, obxetivos, contidos, propostas didácticas, métodos de E-A, proxectos curriculares, e por suposto, a programación de área para o presente curso académico.

¿Cándo avaliar? Durante todo o proceso, farase unha avaliación inicial ou de diagnóstico, unha avaliación formativa, para reaxustar o proceso, e unha avaliación sumativa ou final. Preténdese ter un coñecemento do nivel de partida do alumnado, tendendo na medida do posible a individualizar o proceso de E-A. Deste xeito será posible ter en conta o progreso do alumnado en relación ao seu propio nivel e referenciar o mesmo cos patróns normalizados para a súa etapa.

¿Cómo avaliar?. Empregaránse test de probas físicas, rúbricas, escalas e listas de control de habilidades e actitudes e rexistros de control das tarefas propostas, axeitadas a cada un dos diferentes contidos a impartir. Naqueles contidos nos que se considere axeitado, requirirase do alumnado a realización de fichas e/ou elaboración de traballos.

Seguindo a lei avaliaremos o *conxunto de **coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes** que contribúen ó logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa e á adquisición de competencias* a través das unidades didácticas diseñadas para cada trimestre.

A avaliación dos estándares que avalían o grado de consecución dos **coñecementos** terán un peso dun **20%** en cada unidade didáctica, os estándares que avalían o grado de consecución das **destrezas e habilidades un peso do 50%**, e un **30% os estándares** que

avalían o grado de consecución dos contidos comúns, de carácter **actitudinal**. En cada trimestre obtense unha nota por cada unidade didáctica.

A nota de cada avaliación parcial será a **media aritmética** das notas das unidades didácticas de cada trimestre, sempre e cando se obteña unha puntuación de 4 sobre 10 puntos en cada un dos 3 ámbitos. Para aprobar o alumnado debe obter unha puntuación mínima de 5. Aplicarase o redondeo en 0,5.

Cando un/unha alumno/a non poida realizar a clase ou algún contido da materia por ter unha **doenza** ou **lesión** que así o recomende, deberá presentar un informe xustificativo firmado polo médico que valorou o seu estado. Este informe debe especificar a duración prevista da doenza (especialmente se é de longa duración) ou se o profesorado de EF debe ter en conta algún criterio específico relevante cara a práctica de actividade física. É necesario que o alumno que esté nesta situación achegue un informe do seu médico o máis detallado posible, coas indicacións necesarias a ter en conta polo profesorado segundo a súa patoloxía. O alumnado que se atope nesta circunstancia deberá asistir igualmente ás sesións de Educación Física, cumprimentando unha ficha de observación dos contidos impartidos, así coma os traballos que sexan considerados oportunos para cada contido. De non entregar ese traballo na seguinte sesión, o alumno terá unha valoración negativa no computo do traballo de aula.

As normas relativas á indumentaria requirida para as clases (ter o pelo recollido, non empregar aneis, cadenas, colgantes ou outros elementos decorativos que poidan supor un risco para o propio alumno ou os seus compañeiros, levar calzado deportivo e ben atado, empregar pantalóns e camisetas axeitados para a práctica deportiva) serán tidas en conta de xeito especial de forma que o seu incumprimento dará lugar a non poder realizar a clase con resto dos/as compañeiros/as, e se asignaran tarefas alternativas (organización de materiais, traballos alternativos, fichas da sesión, etc). Cada incumprimento será penalizado con 0,3 puntos sobre a puntuación dos estándares de carácter común correspondentes a ese trimestre. **O incumprimento desta norma durante máis de 4 períodos lectivos terá como resultado a non superación do trimestre, xa que denota unha falta de interese por parte do alumnado.**

Aquelas alumnas ou alumnos que non superen algunhas das avaliacións parciais, levarán

a cabo traballos teórico-prácticos relacionados coas diferentes unidades didácticas non superadas, nos prazos de entrega establecidos pola docente. A superación de ditos traballos conlevará a superación das unidades didácticas suspensas e a súa modificación na nota media do trimestre non superado.

Segundo a **Orde do 25 de xaneiro de 2021** que modifica a avaliación na comunidade de Galiza e tamén a **Orde do 8 de setembro de 2021** que desenvolve o D229/2011 de atención a diversidade aplicaranse as seguintes medidas:

- No período comprendido entre o 8 e 21 de xuño (entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final), levaranse a cabo actividades de apoio, reforzo, recuperación e ampliación entre o alumnado.
- Aquel alumnado que teña algunha avaliación non superada preparará probas ou traballos de recuperación relacionados coas unidades didácticas non superadas. Poden ter carácter teórico ou práctico, en función das partes a recuperar.
- Farase un breve informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. Tendo en conta aqueles criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe non superados.
- Aquel alumnado que desexa subir a nota da terceira avaliación, fará traballos de ampliación e axudará na medida que o docente considere, aos compañeiros con máis dificultades na preparación das súas probas ou traballos de recuperación.
- A cualificación definitiva da materia farase efectiva na avaliación final.

A nota da avaliación final será a media aritmética da nota das 3 avaliacións. Expresada en números enteiros e redondeada a partir de 0,5.

7.1. Alumnado coa materia pendente

O alumnado coa materia pendente terán que recuperar o contido ou contidos non superados no curso anterior mediante a realización de traballos e probas relativos a esos contidos, e que terán que entregar en cada trimestre, segundo as indicacións do seu profesor. Non caso de non entregar ou superar estes traballos e probas, deberán realizar unha proba de carácter teórico-práctico xeral a levar a cabo no mes de abril. De xeito

específico os alumnos terán que levar a cabo ó longo do ano as seguintes actividades de recuperación :

2ª Semana de novembro : Exame teórico-práctico

2º semana de febreiro : Exame práctico-práctico

2º semana de abril: Traballos e/ou exame teó-prá.

No taboleiro do alumnado do pavillón colocárase un listado cos alumnos pendentes e os contidos que teñen que recuperar.

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

8.1. Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

8.2 Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Aqueles alumnos que promocionen coa materia de educación física sen superar, ao ser esta de contidos progresivos, deberán realizar todas as actividades de reforzo do curso anterior que lles sexan indicadas coa finalidade de poder alcanzar os obxectivos previstos. Estas tarefas de reforzo poderán ser realizadas tanto na propia clase de EF do curso ao que promocionou o alumno coma fora dela, sendo suxeitas a una avaliación por parte do profesorado implicado para certificar a consecución dos obxectivos establecidos. De xeito xeral a programación de tarefas para recuperar a materia será a seguinte:

1º trimestre: exame de contidos teóricos

2º trimestre: exame de contidos

prácticos

3º trimestre: Traballo sobre o contido asignado e/ou exame teórico-práctico.

Para superar a materia pendente, o alumno terá que obter unha avaliación positiva en tódolos exames e traballos.

10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS RESULTADOS.

Realizarase unha avaliación inicial en cada unidade didáctica para coñecer o nivel de partida de cada alumno/a de xeito que se poida organizar de ser o caso, actividades de aprendizaxe por niveis de dificultade. Deste xeito, propoñemos tamén actividades de autoavaliación por parte do propio alumnado para facilitar a toma de conciencia tanto do seu propio nivel de condición física, coma das súas habilidades técnico-táctica-expresiva, para que poida ser coñecedor das evolucións nas súas propias aprendizaxes. No caso de detectar dificultades de importancia (baixo nivel de condición física, habilidade, postura corporal, pisada, nivel coordinativo, ect.) comunicaráselle tanto ao alumno coma á súa familia, facéndolle as recomendación que seguindo o noso criterio profesional, serían máis axeitadas en cada caso.

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Partimos da idea xeral de que cada alumno é diferente ós demais; os aprendizaxes previos, o nivel de maduración, a situación persoal e familiar e os factores xenéticos son algúns aspectos que poden marcar diferencias entre os alumnos a hora de aprender, e de ahí que o aprendizaxe se desenvolle de modo individualizado, de maneira que cada cúl observe a súa propia progresión.

Para disminuir as diferencias e acercar o currículo ás características individuais de cada ún, sin tratar por iso de disminuir o grado de esixencia senón de flexibilizalo.

O alumnado con necesidades educativas especiais terán a posibilidade de adaptar os tres tipos de contidos (conceptuais, procedimentais e actitudinais) a súas necesidades específicas coa supervisión do profesor. Prácticamente en tódalas actividades que se propoñen se emplean materiais e reglamentacións adaptadas a idade e a unha concepción menos competitiva e máis lúdica da actividade física, polo que tódolos alumnos poden participar sin importar o nivel de execución motriz.

Os grupos de traballo serán flexibles o que permitirá ir graduando os niveis e que os alumnos traballen según as súas posibilidades.

De calquer maneira, para os casos concretos nos que o alumno non pode participar de maneira igual que o resto propondránse as seguintes modificacións:

- AUTOAVALIACIÓN: Plantear a avaliación como un proceso desde o inicio hasta o final, de maneira que todos poidan marcar o seu nivel aínda que sea baixo.

-ANOTACIÓN DE PUNTOS DÉBILES: Ábrese un espacio para que se anoten as carencias e aqueles aspectos que precisen unha adaptación dos niveis normais para a idade. Os alumnos que teñen algunha necesidade especial aprenden a coñecer mellor e a valorar as súas peculiaridades, intentando superalas na medida do posible.

-ACTIVIDADES DE REFORZO E AMPLIACIÓN: En cada bloque de contidos se propoñen actividades de reforzo e ampliación para realizar tanto dentro coma fóra do horario escolar. Aínda que o ideal sería que as pudiesen realizar co profesor fóra da clase, si eso non é posible (polo horario de utilización das instalacións), se poden realizar programas específicos de mellora fóra da clase, donde a execución fose parte dos contidos previstos para ese grupo de alumnos.

-INACTIVIDADE:Ó non existir as exencións, os alumnos con limitación (temporal o permanentes) realizarán as actividades que non perxudiquen o seu problema á vez que

complementarán, con traballos prácticos e teóricos, os contidos que non poidan desenvolver e realizarán outros que traten sobre súa doenza ou limitación física; tamén participarán na elaboración de apuntes para os compañeiros, participación en actividades deportivas realizando tarefas de arbitraje, dirección de actividades ós compañeiros (quentamento, xogos, exercicios de relaxación...).

-ADAPTACIÓN CURRICULAR: Faráse a vista dun certificado médico oficial en dónde se fagan constar as limitacións que o alumno posee para a realización da práctica de actividade física. Debe tender a posibilitar a tódolos alumnos a consecución dun aprendizaxe constructivo e significativo a través de modificacións que flexibilicen as condicións de desenrolo.

Algunhas medidas que se poden incluír na adaptación curricular serán as seguintes:

a) Valoración inicial: Estudio inicial dos alumnos para acercarnos a súa realidade en canto a diferentes factores:

*Características constitucionales e de desenrolo motriz: Datos antropométricos (peso, talla, envergadura. .j, y de eficacia en conducta motriz (valoración de la condición física e do nivel de desenrolo das cualidades motrices habilidades básicas e específicas, así como das habilidades expresivas).

* Experiencias previas: Enquisas combinadas cas probas do apartado anterior para chegar a unha aproximación das distintas actividades realizadas polos alumnos (tanto dentro da Educación Física escolar como na práctica de actividades físicas e deportes fóra da escola) e do nivel de progresión alcanzado nelas.

Distinguiremos dous niveles de aplicación, a valoración inicial a principio de curso (especialmente no primeiro curso, xa que nos servirá para o establecemento de obxectivos terminais, metodoloxía, organización avaliación) e súa valoración ó comezo de cada unidade didáctica, o que nos permitirá adecuar o nivel dos contidos.

b) Adaptación dos obxectivos: Establecer obxectivos principais centrados nos aspectos fundamentais que contemplan uns mínimos de referencia, obxectivos secundarios que contemplan os anteriores pero que non sexan de obrigado cumprimento por parte dos alumnos.

c) Selección e priorización dos contidos: Para a consecución dun obxectivo deben existir distintos camiños, distintos contidos. Tamén aquí debe haber uns mínimos e, a partir

deles, outros de maior grado de complexidade. Na selección de contidos establecemos suficiente variedade como para permitir a cada alumno a consecución do obxectivo.

d) Emplear metodoloxías e estratexias centradas no proceso e non no alumnado: Os modelos de ensinanza basados na búsqueda permiten ó alumnado unha maior toma de conciencia e de intervención, ó tempo que desenrollan a súa motivación.

12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POR CADA DEPARTAMENTO DIDÁCTICO

O Departamento de Educación Física propón as seguintes actividades para o próximo curso:

12.1 Actividades complementarias en horario escolar:

- COMPLEMENTARIAS: campionatos nos recreos de xogos diversos: baloncesto, brilé, voleibol, bádminton, fútbol - sala, tenis de mesa..... Visita de algún club a presentar o seu deporte no centro. Visita a instalacións deportivas próximas o centro...

12.2 Actividades extraescolares:

- EXTRAESCOLARES: en 1º de ESO saída á Coruña a patinar sobre xeo no Coliseo. Resto de cursos actividades no medio natural tales como sendeirismo, rafting, barranquismo, esquí, surf.

A realización e temporalización destas actividades está supeditada á situación da pandemia e secundariamente terase en conta a climatoloxía, grado de aceptación por parte do alumnado, medios materiais, técnicos e humanos dispoñibles.

13. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Durante todo o curso e de xeito periódico, o departamento de educación física fará un seguemento periódico da consecución dos obxetivos propostos e da execución dos contidos

a impartir coma xeito de control da propia programación, así como unha análise da mesma ao final do curso que quedará reflectida na memoria final do departamento.

Trataráse ao final de cada trimestre ou no seu defecto ao final de curso de que os alumnos cumprimenten tamén unha enquisa de valoración dos diferentes contidos da programación co fin de coñecer a súa opinión cara a materia e as posibles modificacións ou melloras que puideran ser de aplicación para o vindeiro curso.

13.1 INDICADORES

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. [Só para ESO e bach.].				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para				

determinadas materias de 2º de bacharelato].				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato].				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach].				
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

14.REFERENCIAS NORMATIVAS

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación. (LOMLOE)
- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).

- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29). No caso das programacións didácticas de Educación Primaria, Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9).
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).
- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA:
ISMAEL GARCÍA CARBALLO

